

Historia da lingua

Ramón MARIÑO PAZ, *Historia da lingua galega*. Sotelo Blanco, Colección Estudos e investigacións, Santiago, 1998, 582 páxinas.

Ramón Mariño revisa criticamente as monografías clásicas e os estudos máis recentes para ofrecer un actualizado e moi documentado compendio sobre o percorrer histórico da lingua galega. O inxente traballo de busca, selección e sistematización bibliográfica, unido á vocación globalizadora (diacrónica) con que a obra se formula constitúen os seus valores máis notables. O estudo divídese en catro capítulos, que se ocupan respectivamente da latinización (cap. I), o período medieval (cap. II), os tradicionalmente denominados Séculos Escuros (cap. III) e os séculos XIX e XX (cap. IV), nunha exposición que vai ofrecendo aqueles contidos de gramática histórica e de sociolingüística diacrónica que o autor considera de maior relevancia en cada período.

Moitos traballos pioneiros renovan no exame de Mariño o seu valor orixinal. Velaí, p.e. a vixencia da sistematización de Francisco Fernández Rei sobre as achegas vocabulares prerromana (I. 2), xermánica (II. 2) ou árabe (II. 3), elaborada na década dos oitenta para as súas clases universitarias, e que coñecería posteriormente, moi resumida, unha extraordinaria difusión nos manuais de lingua para ensino secundario elaborados polo Colectivo Seitura para Edicións Xerais de Galicia. Estudos aparecidos posteriormente permiten ó profesor Mariño completar estes capítulos iniciáis ofrecendo interesantes valoracións sobre a romanización (I. 3) ou adentrándose no sempre esvaradío campo das relacións entre latín e romance (galega, portugués, castelán) nunha época de identidades, concepcións e actuacións lingüísticas tan distintas das actuais. (II. 4-10). A exposición gaña en altura no capítulo III. O gusto polo pormenor, a capacidade de síntese, ou a firmeza amasada nas

valoracións persoais revelan o froito de anos de reflexión e estudo demorado do período XVI-XVIII.

Sen embargo, a exposición perde forza e sentido da proporción no capítulo IV. A opción, en principio prometedora, de estudar por xunto os séculos XIX e XX tradúcese discursivamente nun grupo de apartados que, simétricos cos do capítulo anterior (marco histórico; extensión do castelán en Galicia; cultivo, defensa e reivindicación da lingua; cambios lingüísticos internos; elaboración do estándar e estudo da lingua) carecen en xeral da minuciosidade daqueles e concrétese nunha panorámica dos séculos XIX e XX moito menos perfilada cás efectuadas nas etapas históricas previas. O desequilibrio apréciase, por exemplo, ó comprobarmos como o autor pasa con pés de la sobre un asunto tan interesante (e documentado) como a polémica ortográfica iniciada na segunda metade da década dos setenta do século XX, á que a penas se lle adican tres páxinas (pp. 484-487), que contrastan coas vinte e catro (pp. 152-176) que ocupou previamente (II. 8) en analizar e valorar os textos galega-leoneses medievais.

Con todo, considerada integramente, a obra debe ser apreciada no que ten de ampla e ponderada recapitulación crítica dun amplísimo repertorio bibliográfico, que inclúe a maioría dos estudos máis establecidos sobre a materia e que deberá servir tanto para a formación de universitarios —obxectivo primeiro do autor— como para a avaliación, actualización ou adquisición dos coñecementos de historia da lingua do público especializado en xeral.

Serafín ALONSO PINTOS